



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

RESOLUCIÓN DA CONCELLERÍA DELEGADA DE PERSOAL

Antecedentes:

1.- Proposta de bases de selección da concellería de persoal de data 12/05/2020, para a constitución dunha lista de reserva para a provisión interina de prazas de arquitecto, encadrada no grupo A, subgrupo A-1

2.- Resolución da Concellería de persoal de data 03/07/2020 (nº 2020-0731), pola que se aproban as bases de selección para a formación dunha lista de reserva para a provisión interina de prazas de arquitecto, en cuxo artigo 6 indica,

" O prazo para a presentación de solicitudes será de 10 días naturais, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria xunto coas presentes bases no Boletín Oficial da Provincia".

3.- Mediante escrito de rexistro de entrada 2020-E-RE-1476, Don José Magdalena Nogueira, presenta escrito no que indica,

"Que quere participar no proceso selectivo: "Formación dunha lista de reserva para a provisión interina de prazas de arquitecto da escala da administración especial, encadradas no grupo A, subgrupo A-1" 2 Que o co artigo 30.2 da lei 35/90 establece que: "2. Siempre que por Ley o en el Derecho de la Unión Europea no se exprese otro cómputo, cuando los plazos se señalen por días, se entiende que éstos son hábiles, excluyéndose del cómputo los sábados, los domingos y los declarados festivos. Cuando los plazos se hayan señalado por días naturales por declararlo así una ley o por el Derecho de la Unión Europea, se hará constar esta circunstancia en las correspondientes notificaciones." Polo que o prazo sinalado nas base se debe entenderse expresado en días hábiles"

4.- Con data 04/08/2020 (n.r.e. 2020-E-Re-1607) Don Jose Magdalena Nogueira presente recurso de reposición contra a resolución do concelleiro delegado de persoal pola que se aproba as bases do proceso selectivo para a formación da lista de reserva de arquitecto baseado no seguinte motivo:

"O artigo 6 das bases sinala que o prazo para presentación de instancias é de 10 días naturais incumprindo o artigo 30.2 da lei 30/2019 de Procedemento Común das administracións Públicas que determina que os prazos por días serán hábiles salvo que unha lei ou norma da unión europea estableza o contrario:

"Siempre que por Ley o en el Derecho de la Unión Europea no se exprese otro cómputo, cuando los plazos se señalen por días, se entiende que éstos son hábiles, excluyéndose del cómputo los sábados, los domingos y los declarados festivos.

Cuando los plazos se hayan señalado por días naturales por declararlo así una ley o por el Derecho de la Unión Europea, se hará constar esta circunstancia en las correspondientes notificaciones."

Dado que no presente caso non existe lei ou disposición da Unión Europea que declare que os días deban ser naturais, a resolución debe de ser considerada nula por vulnerar a Lei 30/2015."

5.- Con data 04/08/2020 se emite informe por parte da Técnico de persoal cuxos fundamentos xurídicos se transcriben a continuación.

Fundamentos xurídicos:

Primeiro: O artigo 30.2 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP) establece no seu primeiro paragrafo que:

"siempre que por Ley o en el Derecho de la Unión Europea no se exprese otro cómputo, cuando los plazos se señalen por días, se entiende que éstos son hábiles, excluyéndose del cómputo los sábados, los domingos y los declarados festivos



Engadindo no seu parágrafo segundo, que, *“cuando los plazos se hayan señalado por días naturales por declararlo así una ley o por el Derecho de la Unión Europea, se hará constar esta circunstancia en las correspondientes notificaciones”*

O artigo 18.1 do Regulamento Xeral de ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e Promoción profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, *“la solicitud para participar en los procedimientos de ingreso, ajustada al modelo o cial aprobado por la Secretaría de Estado para la Administración Pública, deberá presentarse en el plazo de veinte días naturales a partir del siguiente al de publicación de la convocatoria respectiva en el «Boletín Oficial del Estado”*

Debe terse en conta que o artigo 48.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRX-PAC), na redacción dada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, ten a mesma redacción xa que, enton os prazos sinalados por días eran hábiles salvo que una lei ou normativa europea expresaran outra cousa, é dicir, que foran naturais, o que conclúe, que a partir do 14 de abril de 1999 (data de entrada en vigor da Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992), o artigo 18.1 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo debía considerarse derogado ao opoñerse o novo artigo 48.1, por ser unha norma de rango inferior a Lei.

A redacción anterior a modificación realizada pola Lei 4/1999, do artigo 48.1 da LRX-PAC, dispoñía:

«Siempre que no se exprese otra cosa, cuando los plazos se señalen por días, se entiende que éstos son hábiles, excluyéndose del cómputo los domingos y los declarados festivos.

Cuando los plazos se señalen por días naturales, se hará constar esta circunstancia en las correspondientes notificaciones».

É dicir, non establecía como requisito que para computar os prazos sinalados por días como días naturais fose necesario que así o establecese unha lei ou a normativa europea, como foi preciso a partir da modificación introducida pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Ademais, hai que indicar que, cando se aprobou o Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, atopábase vixente o artigo 48.1 LRX-PAC, na súa redacción orixinal anterior á a Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, polo que, non sendo necesario que a sinalización dos prazos por días naturais se fixese mediante lei ou normativa europea, era legal a súa aplicación.

Así a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía, Málaga (Sala do Contencioso- Administrativo, Sección 1ª) núm. 1098/2013 do 25 de marzo afirma, en relación co artigo 48.1 LRJ-PAC, que para que se realice o cómputo en días naturais é necesaria a existencia dunha Lei ou normativa comunitaria europea que veña expresamente a establecelo.

A citada sentenza declara no seu fundamento Xurídico 2º:

«.- Sentado lo anterior, para la resolución del supuesto que se nos plantea hemos de partir, tal y como hace la resolución recurrida, de que el artículo 49,c de la Ley 7/2712 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público establece que se concederán 15 días de permiso de paternidad por el nacimiento de un hijo, a partir de la fecha de nacimiento, sin que especí que el modo en que han de computarse dichos días; debiendo señalar que las disposiciones de dicho estatuto sólo se aplican directamente cuando así lo disponga la legislación especí ca del personal de las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad.

Por otra parte, de conformidad con el artículo 13.2 de la 26/94, de 29 de septiembre, por la que se regula la situación de segunda actividad en el Cuerpo Nacional de Policía únicamente se aplican aquellas disposiciones a los funcionarios que se encuentran en situación administrativa de segunda actividad sin destino.

Asimismo el artículo 16.2 de la Ley Orgánica 2/1986 de Fuerzas y Cuerpos de seguridad expone textualmente: " El régimen estatutario del Cuerpo Nacional de Policía se ajustará a las previsiones de la presente ley y la disposiciones que lo desarrollen, teniendo como derecho supletorio la legislación vigente referida a los funcionarios de la Administración civil del Estado ".





EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

Encontrándonos, con que, en la resolución impugnada, la Administración demandada se basó en la Circular de la Dirección General de la Policía, de 9 de julio de 2009, que regula las vacaciones, permisos y licencias de los funcionarios del Cuerpo Nacional de Policía en servicio activo, en su artículo 2.2.c establece expresamente que la duración del permiso de paternidad será de 15 días naturales. Si bien hemos de señalar que una circular no tiene el carácter de disposición de desarrollo a que se refiere el anterior precepto legal, carece de carácter reglamentario y por tanto no tiene encuadre en el mismo.

Luego en base a lo anterior y teniendo en cuenta que el artículo 48.1 de la Ley 30/92 viene a establecer con claridad que "siempre que por Ley o normativa comunitaria europea nos exprese otra cosa cuando los plazos se señalen por días, se entienden que estos son hábiles excluyéndose del cómputo los domingos y los declarados festivos".

Luego para que se realice el cómputo en días naturales es necesaria la existencia de una Ley o normativa comunitaria europea que venga expresamente a establecerlo; y no existiendo la misma resulte evidenciado que la pretensión de la parte recurrente ha de tener favorable acogida».

En parecidos termos pronunciábase a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, (Sala do contencioso-administrativo, Sección 7ª) núm. 44/2012 do 19 de xaneiro, que di no seu Fundamento Xurídico 4º:

«[...] Finalmente, en cuanto a la transgresión de los arts. 76 y 48.1 de la Ley 30/92, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, hemos de signi car que la base tercera de la resolución recurrida dispone "los interesados dirigirán una única solicitud.....dentro del plazo de diez días naturales."

Por su parte, el artículo 48, citado dispone: " Siempre que por Ley o normativa comunitaria europea no se exprese otra cosa, cuando los plazos se señalen por días, se entiende que éstos son hábiles, excluyéndose del cómputo los domingos y los declarados festivos.

Cuando los plazos se señalen por días naturales, se hará constar esta circunstancia en las correspondientes notificaciones"

De manera que, de dicho precepto, se deriva que se está supeditando la excepción al cómputo de días hábiles a que así lo exprese una Ley o normativa comunitaria. Por tanto, la resolución impugnada, que no puede contradecir dicho precepto por no ser de rango normativo adecuado, al referirse a "días naturales" debe ser modi cada en dicho extremo».

Segundo: Tanto o artigo 48.1 LRX-PAC como o artigo 30.2 LPACAP supeditan a excepción ao cómputo de días hábiles a que unha lei nacional ou unha norma europea fixen os prazos por días naturais. Ambos os artigos utilizan a expresión lei, non lexislación, polo que non poden considerarse incluídas na devandita expresión as normas con rango inferior á lei.

Por tanto, dado que o artigo 18.1 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo non ten rango de lei, senón rango regulamentario, hai que concluir que se opón, tanto ao artigo 48.1 LRX-PAC, na redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, como ao artigo 30.2 LPACAP, polo que debe considerarse derogado e, en consecuencia, o prazo para a presentación de instancias para participar nos procedementos de ingreso na función pública é de 20 días hábiles, de conformidade co artigo 30.2 LPACAP.

Por todo o anteriormente exposto esta Concellería delegada de persoal (resolución de delegación 24/06/2019 nº 2019-0720),

RESOLVE:

1. Estimar o recurso de reposición interposto por Don Jose Magdalena Nogueira, contra o artigo 6 das



bases de selección para formación dunha lista de reserva para a provisión interina de prazas de arquitecto aprobadas por Resolución da Concellería delegada de persoal de data 03/07/2020 (nº 2020-0731), que se refería o prazo en días naturais para a presentación de instancias, cando debería ser en días hábiles, tendo en conta os fundamentos xurídicos anteriores.

2. Dada a estimación do recurso alterase a redacción do artigo 6 das bases de selección, de xeito que onde dí:
*“O prazo para a presentación de solicitudes será de **10 días naturais**, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria xunto coas presentes bases no Boletín Oficial da Provincia”*
Diga:
*“O prazo para a presentación de solicitudes será de **10 días hábiles**, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria xunto coas presentes bases no Boletín Oficial da Provincia”*
3. Notificar a presente resolución ao interesado aos efectos de que presente o recursos que mais abaixo se sinalan.
4. Publicar anuncio da apertura de novo prazo de presentación de instancias no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, polo prazo de 10 días hábiles.
5. Dar traslado do presente acordo o departamento de Tesourería e o Pleno na primeira sesión que se celebre.
6. Contra a presente resolución pode interperse os seguintes recursos:
 - Recurso Contencioso Administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, consonte ó disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xuño, da Xurisdición Contencioso-Administrativa
 - Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes conforme a dereito

Mándao e asíno o Concelleiro Delegado de Persoal, José Ramón Magán Rivera, en Tui
Documento asinado dixitalmente á marxe.

